

Expediente IET: P-19-641
Proxecto: Parque eólico Suíme
Concello: Rodeiro (Pontevedra)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 25/10/2021 a Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Suíme.

1. Antecedentes:

Con data do 12/12/2019 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Suíme, de 30 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora e



edificio de control). Os aerogeradores terán 5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 102,5 metros, e 145 metros de diámetro de rotor. O edificio de control construírse mediante elementos prefabricados de formigón e terá unhas dimensións de 19,5 x 10 metros e unha altura máxima de 5,97 metros. A lonxitude total dos camiños do parque é de 7.367 metros, dos cales 3.129 metros corresponden a accesos de nova execución, e 4.238 metros de pistas existentes que será necesario acondicionar.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 12/12/2019, sendo as máis salientables a redución no número de máquinas, pasando de 8 a 6 e os cambios nas posicións dos aerogeradores, coa conseguinte modificación dos camiños de acceso ás infraestruturas.

O estudo de impacto ambiental non inclúe o correspondente estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) ao que se refire o artigo 11.1 da Lei 7/2008.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística Deza.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP), situándose a máis próxima, a AEIP-03-13 Monte Faro a uns 2,5 km ao sueste do aerogenerador AE-7. Os miradoiros máis próximo son o de Monte Faro, localizado a uns 6,5 km ao sueste do parque, e máis lonxe atópase o miradoiro de Cima do Farelo, a uns 8,3 km ao norte. Ademais, na contorna do parque, aparecen distintos lugares de especial interese paisaxístico (LEIP) que foron sinalados durante o proceso de participación pública do Catálogo das paisaxes, entre os cales destaca o denominado Val de Camba, situado ao sueste do proxecto.

Respecto aos sendeiros e camiños cabe indicar que a uns 800 metros ao sur, discorre o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno), e a uns 2,7 Km ao sueste aparece a ruta de sendeirismo PR-G7 Ruta do Faro.

O proxecto localízase na zona central do concello de Rodeiro nunha contorna de montes, que acadan a súa maior elevación no Coto de Suíme (834 metros), rodeada de vales asociados a pequenos cursos fluviais, coma son o rego de Suíme, o rego de Lamazares ou o rego da Costa de Suíme. Trátase dunha área de relevo suave conformado por unha paisaxe agroforestal caracterizada por un mosaico de cultivos forraxeiros e prados, delimitados por sebes vexetais e valados de pedra tradicionais, e parcelas ocupadas por especies forestais de repoboación. Nas zonas de maior cota aparecen algúns afloramentos rochosos, principalmente no Coto de Suíme. Os núcleos rurais son de pequeno tamaño e carácter disperso, aparecendo ademais distintas explotacións gandeiras illadas na contorna do parque. As vías de comunicación máis importantes do ámbito son as estradas autonómicas PO-212, dende a cal se accede ao parque, e a PO-533, e as provinciais EP-6201, EP-6203, EP-6204 e EP-6206.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

Como se ten indicado no punto 3 do presente informe, o estudo de impacto ambiental (EIA) non incorpora un EIIP. O EIA, na páxina 124, inclúe un breve apartado de paisaxe (7.5 Medio Perceptual) onde se explicita que "no estudio de impacto e integración paisaxística (EIIP) que acompaña ao EIA, realízase un estudo detallado da paisaxe na zona obxecto do proxecto". Non obstante, na documentación achegada non se inclúe o dito EIIP.

Respecto ás medidas de integración paisaxística recollidas no apartado 9.13. *Medidas de restauración e integración paisaxística* do EIA, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.





O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores dispostos nunha zona de montes con amplas vistas derivadas da altitude e a suavidade do relevo circundante.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico nin afecta directamente a lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. Respecto aos miradoiros, os aeroxeradores serían visibles dende os mencionados anteriormente, aínda que a incidencia visual non sería significativa debido á distancia existente. En relación ao Camiño de Santiago (Camiño de Inverno), que discorre pola contorna próxima, as instalacións do parque poderían supor unha certa incidencia paisaxística dada as dimensións que acadan os aeroxeradores e a curta distancia á que se sitúan. Porén, parte do trazado discorre por camiños delimitados por vexetación arbórea e por tramos de estrada con edificacións ás beiras, o cal engadido ás características orográficas da contorna, producirían un efecto de pantalla que diminuíría a visibilidade das infraestruturas.

Tamén poden producirse impactos visuais como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son Suíme, Coreixas, O Corroliño, Lamazares, Vilar, Borriego, Fervenza ou Lamas, ademais, do núcleo urbano de Rodeiro, situado a uns 2,8 km ao sur (directriz de paisaxe DX.20.c).

Os principais impactos visuais virán derivados da acumulación de proxectos eólicos, principalmente ao norte e leste, que provocarán un efecto sinéxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia nun radio de 5 km, aparecen cinco parques en explotación ou autorizados, e outros cinco en tramitación.

Outras afeccións do proxecto produciranse sobre elementos construídos que engaden riqueza ás escenas rurais, como son os muros tradicionais de pedra nas lindes das parcelas que conforman o mosaico agrario nesta contorna (directrices de paisaxe DX.17 a.4, e DX.22.i).

6. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse debido á intrusión visual na contorna e a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto. Ademais pode supor un deterioro de elementos de valor paisaxístico, como son os muros tradicionais de pedra que caracterizan as escenas agrarias da comarca.

O proxecto deberá incorporar un EIIP de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. En todo caso, deberanse ter en conta as seguintes indicacións:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.



- Respecto ao edificio de control, debido ao tipo de edificación de que se trata, é dicir, instalación de infraestrutura eléctrica e tendo en conta a directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado para o seu acabado, empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen unha imaxe de calidade e a maior integración cromática e textural posible coa súa contorna. En calquera caso evitárase o emprego de materiais que afecten negativamente á paisaxe pola súa cor, brillo ou similares. Non se deben empregar fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir.
- De acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i, DX.20.o, e DX.22.i, co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da subestación e do edificio de control e atenuar a visibilidade do mesmo, recoméndase manter, se é viable, o peche actual da parcela, e completalo, de ser necesario, empregando vexetación arbórea ou arbustiva autóctona.
- Consonte coas directrices de paisaxe DX.17 a.4, e DX.22.i, deberase asegurar a conservación dos valados tradicionais de pedra e para os casos en que non se poida evitar a súa eliminación deberán establecer medidas de reposición ou restauración dos tramos afectados.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

